

#hoxeleoen



BIBLIOTECA E SECCIÓN DE TURISMO DEPUTACIÓN DA CORUÑA

DIRECCIÓN

Rúa Rego de Auga, 37
15001 A Coruña

TELÉFONO

981 080 176

CORREO ELECTRÓNICO

biblioteca.info@dacoruna.gal

PÁXINA WEB

www.dacoruna.gal/biblioteca

Buscando
escenarios de lectura
pola provincia da
Coruña (6ª ed.)

do 15 de xullo ao 26 de agosto



Bases do concurso

1. Primeira. – Obxecto

O obxecto do concurso é a dinamización e animación á lectura e a difusión do patrimonio paisaxístico e cultural dos concellos da provincia da Coruña. Para elo a Biblioteca Provincial xunto coa Sección de Turismo da Deputación da Coruña convocan un concurso de fotografías que amosen os lugares da provincia da Coruña onde os lectores disfrutaban dos libros e a lectura durante o verán.

2. Segunda. – Participantes

Poderán participar tódalas persoas físicas, maiores de idade, usuarios ou non da Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña, de xeito libre. Quedan excluídas todas aquelas persoas con calquera tipo de relación laboral coa Biblioteca Provincial e coa Sección de Turismo da Deputación da Coruña.

3. Terceira. – Formato

As fotografías deberán ser tomadas dende un lugar da provincia, podendo aparecer nelas ou non o libro que se está lendo. As fotografías deben ser compartidas nas redes sociais, mencionando o título do libro, o lugar onde foi tomada a fotografía e a etiqueta do concurso #hoxeleoen.

- A participación será a través de tres redes sociais: Twitter, Instagram e Facebook.

Aquelas persoas que non dispoñan de redes sociais, poderán participar remitindo a fotografía por correo electrónico a biblioteca.info@dacoruna.gal.

- Cada participante deberá remitir un correo electrónico a biblioteca.info@dacoruna.gal cos seus datos persoais, teléfono e nome de usuario da rede social, así como os datos de contacto que considere.

- O formato da lectura da que estén disfrutando os participantes pode ser calquera: en papel, en lector de libros electrónicos, tableta, ordenador, teléfono... Poden ser un libro, banda deseñada, revista, audiolibro, libro electrónico...

- Cada participante pode compartir un máximo de dúas fotografías

4. Cuarta. – Forma de presentación

A presentación das fotografías será a través das seguintes canles:

- Twitter: subir a foto, indicar o lugar e o título do libro, mencionar á @bibliodacoruna ou a @DACTurismo e engadir a etiqueta #hoxeleoen

- Instagram: subir a foto, indicar o lugar e o título do libro, mencionar á @bibliodicoruna ou a @DACTurismo e engadir a etiqueta #hoxeleoen

- Facebook: facer un comentario na entrada do concurso da páxina da Biblioteca ou na do Sección de Turismo da Deputación da Coruña, indicando o lugar e o título do libro e xuntando a foto.

- Correo electrónico: enviar a foto a biblioteca.info@dacoruna.gal indicando o lugar e o título do libro, e poñendo no asunto a etiqueta #hoxeleoen

5. Quinta. - Prazo de presentación

O prazo de presentación das fotografías é do 15 de xullo ao 26 de agosto de 2018, ámbolos dous incluídos. Non entrarán no sorteo fotografías presentadas fora deste prazo.

6. Sexta. - Premio

Establécese un único premio que se concederá por sorteo entre tódalas fotografías participantes. O premio consistirá nunha viaxe cultural de 4 días no mes de outubro para dúas persoas a París, ou Berlín no caso de que a persoa gañadora xa coñeza París.

A estancia incluírá dous billetes de avión de ida e volta desde A Coruña, tres noites en réxime de aloxamento e almorzo nun hotel dunha categoría mínima de 3 estrelas, e un roteiro literario – cultural pola capital ou actividade relacionada coa temática literaria.

Os días de disfrute da viaxe serán concretadas unha vez fallado o premio, segundo dispoñibilidade da persoa gañadora.

A persoa que resulte galardoada no sorteo recibirá a comunicación do premio o día 4 de setembro polo mesmo medio no que participou, e/ou polos datos de contacto remitidos por correo electrónico.

Asimismo, publicarase o gañador nas tres redes sociais mencionadas (Twitter, Instagram e Facebook) e na páxina web da Biblioteca.

7. Sétima. –Entrega do premio

A data do acto de entrega do premio, que terá lugar na Biblioteca da Deputación da Coruña, será anunciada xunto co nome do gañador o día 4 de setembro.

8. Oitava. – Dereitos e deberes

A participación no concurso leva aparellada a autorización para publicar as fotografías e os datos das mesmas nos diferentes medios impresos e dixitais que utiliza a Biblioteca, incluídas as redes sociais.

Todas as persoas participantes serán dadas de alta nas plataformas de préstamo electrónico da Deputación da Coruña.

As fotografías presentadas ao concurso de xeito incompleto ou que non se axusten ou incumplan as bases, así como aquelas de contido inadecuado, serán excluídas.

A participación no concurso implica a aceptación total destas bases.